

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE NOIA PARA A REALIZACIÓN
DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO "CONSTRUCCIÓN DE PAVILLÓN
POLIDEPORTIVO NO CEIP FELIPE DE CASTRO (NOIA)"**

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2016


REUNIDOS



Dunha parte, Román Rodríguez González, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 a Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia, e o artigo 3 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutra, Santiago Freire Abeijón, na súa condición de alcalde do Concello de Noia, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas partes reconécense a capacidade legal necesaria para formalizar este convenio de colaboración, consonte os principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e



EXPOÑEN

I. A insuficiencia do equipamento deportivo no CEIP Felipe de Castro de Noia, supón a oportunidade de construír un novo pavillón polideportivo na parcela do CEIP que permita a súa operatividade en condicións de seguridade para a comunidade educativa así como a súa utilización, fóra do horario lectivo, polos colectivos da poboación do entorno.

Para acadar a plena operatividade desta instalación deportiva resulta necesario realizar as obras de construción segundo proxecto técnico, no que consta que o novo pavillón, dunha superficie construída de 1.365 m², contará con bancada para unhas 100 persoas sentadas,





vestiarios para equipo local e visitante, vestiarios para árbitros, aseos para público, sala de caldeiras, almacén, pista polideportiva e tres accesos diferenciados (colexio, público e xogadores), que tamén servirán para diferenciar o acceso dende o colexio ou dende o exterior das instalacións escolares.

Estas actuacións ascenden á contía de 392.168,66 euros en concepto do investimento nesta nova instalación deportiva de uso educativo e deportivo. No actual contexto, de austeridade orzamentaria, este importante desembolso económico non se pode levar a cabo sen a colaboración administrativa entre as administracións implicadas: a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Noia.

II. O Concello de Noia ven prestando unha especial atención na promoción de toda clase de deportes, colaborando coas entidades, asociacións e clubs do concello na construción e remodelación de instalacións deportivas, coa finalidade de garantir ás persoas usuarias a práctica deportiva nunhas condicións adecuadas, de modo primordial orientadas ao deporte de base da poboación en idade escolar.

III. Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 6 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

IV. A lexislación de réxime local establece como unha das competencias propias dos concellos a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, así como a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Para estes efectos, e co fin de posibilitar a súa consecución real e efectiva, instrumentase este convenio dirixido ao cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

En virtude do exposto, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é articular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Noia para levar a cabo as obras de construción dun novo pavillón polideportivo no CEIP Felipe de Castro de Noia.

Segunda. *Orzamento*

O importe destas actuacións ascende a contía de 392.168,66 euros (IVE incluído), que corresponde á execución da obra.

Terceira. *Financiamento*

O Concello de Noia asumirá a redacción e aprobación do proxecto técnico, a dirección de obra, a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde, con cargo aos seus orzamentos.

A realización das obras será financiada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Noia, de acordo coas achegas que se indican:

Institución	Importe	Aplicación orzamentaria
Concello	242.168,66 €.	
Consellería	150.000,00 €	10.10.422A.760.0

Se na fase de execución da obra os custos contemplados nesta cláusula resultan incrementados, as partes financiarán dito incremento na mesma proporción na que participan.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, e no equivalente do Concello de Noia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.



Así mesmo, o Concello de Noia acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Cuarta. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A consellería asumirá con cargo aos seus orzamentos 150.000 euros en concepto de axuda pública ao Concello de Noia, debendo atender ao cumprimento das estipulacións contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e ao seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.



Esta achega constitúe a concesión dunha axuda pública ao Concello de Noia, compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, co límite de non superar, illada ou en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos, o custo da actividade subvencionada. A confluencia de competencias de distintas administracións dentro do mesmo espazo físico e os intereses públicos, sociais e económicos implicados imposibilitan a concorrencia competitiva no procedemento e determinan o seguimento dos trámites de concesión directa previstos na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia (artigos 19 e 26).

Deberase dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificada polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.




Conforme ao establecido no artigo 6.Dous, do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e tendo en conta a necesidade de dispoñer da totalidade dos fondos por parte do concello, para a licitación da obra no prazo máximo de dous meses dende a sinatura do convenio, o abono da achega da consellería, na cantidade sinalada na cláusula terceira, farase efectiva mediante ingreso na conta xeral do concello que este indique, sinalando o concepto e referencia do convenio. Procede o pagamento anticipado do importe total da axuda, ao abeiro do artigo 63.3 do



Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, a consellería comprométese a que esta instalación poida ser destinada ao uso xeral para actividades deportivas ou culturais que se organicen fóra do horario lectivo nos termos da cláusula sexta deste convenio.

Quinta. *Obrigas do Concello de Noia.*



O Concello de Noia quedará obrigado a destinar os fondos percibidos do Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao financiamento do obxecto deste convenio, recollido na súa cláusula primeira. Igualmente, nas súas relacións coa consellería, deberá atender ao cumprimento das estipulacións contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e ao seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, en particular no que se refire á xustificación das subvencións, e quedará obrigada a destinar os fondos percibidos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao financiamento do obxecto deste convenio, recollido na súa cláusula primeira.

De conformidade co establecido no artigo 65 punto 4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello está eximido de avalar as cantidades percibidas por tratarse dunha administración pública.

Os fondos obxecto do presente convenio deberán dedicarse unicamente as actuacións nel previstas, debendo contabilizarse de forma independente, e xustificarse a súa dedicación exclusiva ás actuacións previstas no convenio.



No suposto de existir cantidades finalmente non xustificadas, o Concello de Noia deberá proceder á devolución do importe de conformidade co procedemento de reintegro previsto na normativa vixente en materia de subvencións.

O Concello de Noia asumirá a redacción do proxecto e levará a cabo a licitación, dirección, execución e recepción das obras incluídas no proxecto técnico mediante a achega das cantidades correspondentes, conforme ao establecido na cláusula terceira deste convenio.



Durante a execución das obras permitirá a entrada do persoal técnico e autoridades que determine a Consellería para a visita da execución das obras.

O concello porá a disposición da consellería o novo pavillón polideportivo do CEIP Felipe de Castro, unha vez rematadas as obras, para o uso da comunidade escolar dentro de horario lectivo.

Corresponde ao concello asumir o mantemento e a conservación das instalacións deportivas obxecto de actuación, dende o día seguinte ao da formalización da acta de recepción das obras.

O Concello de Noia comprométese a facer constar en toda a publicidade que se xere, a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

O concello estará obrigado a xustificar ante a consellería o cumprimento da finalidade da axuda, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada pola documentación que se detalla a continuación:

- a) Certificación expedida polo secretario do concello co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da axuda, na que se faga constar de forma detallada:
 - 1.- Relación de gastos efectuados con medios ou recursos propios.
 - 2.- Certificación na que conste que os gastos totais relacionados son imputables ao proxecto subvencionado.
- b) Unha relación detallada doutros posibles ingresos ou subvencións que financiarán a actuación con indicación do importe e o seu orixe, ou ben certificación na que conste que non se percibiron máis ingresos ou axudas polo mesmo concepto.

Para que a consellería poida realizar o libramento, o concello deberá achegar xunto coa xustificación, unha declaración responsable de titularidade da conta bancaria facilitada ao efecto.

Segundo o establecido no artigo 4 do decreto 193/2011, é necesario que o Concello de Noia cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

O Concello de Noia deberá presentar declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativa de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da seguridade social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

O concello de Noia ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Sexta. *Condicións de uso das instalacións deportivas*

As instalacións do novo pavillón polideportivo obxecto das actuacións previstas neste convenio poderán ser abertas ao **uso xeral** da poboación fóra do horario lectivo **para fins educativos, deportivos e culturais** sempre que non se interfira na programación das actividades do centro e que se garanta a súa correcta utilización. A consellería e o concello acordarán as fórmulas de colaboración que permitan a efectividade desta cláusula sempre nos termos e condicións previstos no Convenio marco de colaboración entre a FEGAMP e a consellería sobre o uso de instalacións deportivas de titularidade da consellería suscrito o 16.10.2014.

Sétima. *Comisión de seguimento e control*

Créase unha comisión mixta de carácter paritario entre as dúas institucións asinantes para o seguimento e control do cumprimento deste convenio e para propoñer a resolución das dúbidas de interpretación e das controversias derivadas da súa execución. A comisión estará integrada por tres persoas en representación da consellería e outras tres en representación do concello. A presidencia corresponderá a unha das persoas representantes da consellería. Esta comisión reunirase no prazo de tres días contados dende a petición expresa de calquera das partes.

Oitava. *Vixencia do convenio*

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017. A vixencia do presente Convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes no caso de que non se rematasen as obras previstas nel.

Novena. *Resolución*

Ademais da expiración do seu prazo de vixencia, serán causas de extinción do convenio o mutuo acordo das partes asinantes ou a decisión unilateral dunha parte por incumprimento da outra parte ou porque existen causas excepcionais e xustificadas que dificulten ou obstaculicen o cumprimento das estipulacións que constitúen o seu contido, previa denuncia cun prazo de dous meses de antelación.

Décima. *Xurisdición*

O presente convenio ten natureza administrativa. As partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula sétima, para a resolución das posibles controversias sobre a interpretación e o cumprimento do convenio.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio por triplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Pelo Concello de Noia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



galicia

Román Rodríguez González



Santiago Freire Abeijón